Celga
Certificado Lingua Galega

2020420001

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		**Data:**		**Nivel:**	**CELGA 4**

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:			
DNI / NIE / Pasaporte:		**Nacionalidade:**	
Data de nacemento:	____ / ____ / _____	**Sexo:**	☐ Home ☐ Muller
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía		
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea		
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos		

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas corrrectoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

2020420001

Celga

Certificado
Lingua
Galega

4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-II-20

2020420001

Proba A1

Vostede colabora habitualmente na revista veciñal da súa vila e ten que presentar un artigo para a sección «De onte a hoxe». Logo de escoitar esta entrevista de radio, decide facelo sobre a chegada do home á Lúa. Nese **artigo**, de **400 palabras**, ten que:

- Valorar o fito histórico que supuxo a misión Apolo XI e explicar as complicacións técnicas que houbo que superar para que esta fose posible.
- Expoñer as calidades que debían reunir os astronautas e cal foi o papel do primeiro home que pisou a Lúa.
- Mencionar algúns dos avances tecnolóxicos que se desenvolveron con motivo das viaxes espaciais e comentar como nos axudan na actualidade.
- Dar a súa opinión sobre o turismo espacial practicado por algúns magnates e se no futuro será accesible a máis persoas.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

2020420001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

2020420001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga Certificado Lingua Galega

2020420001

Proba A2

Vostede, que se preocupa pola constante deterioración que sofre o medio natural, ten un blog sobre temas ambientais. Por iso, logo de ler esta entrevista, decide escribir un **artigo** sobre o problema dos microplásticos. En **400 palabras**, debe:

- Presentar o oceanógrafo Jesús Gago e expoñer brevemente as conclusións dos seus traballos.
- Explicar os problemas actuais e futuros asociados á presenza de microplásticos no medio natural.
- Comparar a incidencia da acumulación de plásticos nos mares de Galicia e no resto do mundo.
- Valorar a responsabilidade dos gobernos e da cidadanía no uso excesivo de plásticos e propoñer medidas para reducilos.

Jesús Gago: «Xa non chega a regra dos tres erres para loitar contra o plástico; hai quen fala da necesidade de aumentala a 10»

—Jesús Gago comproba acotío os efectos da presenza masiva de plásticos no mar desde a sede en Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO). Este oceanógrafo, químico e investigador, coordinador no ámbito nacional dos traballos sobre lixos mariños, lidera varios proxectos que buscan establecer metodo-

loxías para estudar o problema. Un dos de maior transcendencia é o Baseman, de ámbito europeo, onde o galego liderou un equipo de traballo que avaliou a contaminación por plásticos tanto na auga, sobre todo na superficie, como nos sedimentos das costas de Galicia e Cantabria. Rematado ese programa a finais do 2018, pódese extraer xa algunha conclusión?

—Si, nun dos traballos publicados aclárase como se localizaron microplásticos en case todas as mostras recollidas ao longo do proxecto. Encontrámolos tamén practicamente en todos os mexillóns de rocha recollidos desde Galicia ata a fronteira con Francia. Os valores son similares aos localizados noutros estudos realizados no país galo ou en Bélxica.

—A comunidade científica levaba anos alertando do perigo dos microplásticos, pero a concienciación social non chegou ata hai pouco. Necesitamos agora máis información para poder avanzar?

—Si, pero que se precise máis investigación para determinar o impacto exacto no medio non quere dicir que non poidamos tomar medidas xa. A acumulación de plásticos no medio tense que acabar. Non debe de haber unha parálise da acción política e cidadá porque non haxa aínda resultados evidentes desde o punto de vista científico.

—No Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas que se realizou no Grove o ano pasado comentaba que todo o relativo ao plástico é agora máis un problema de xestión ca de saúde, pero que a longo prazo pode chegar a afectarnos. Cre que a xente é consciente diso?

—Eu creo que a xente está algo asustada porque, como todo aquilo que se descoñece, implica un pouco de medo. Hoxe en día, non podemos calcular o impacto que a problemática do plástico terá de maneira directa tanto na saúde dos animais como na dos humanos, pero está claro que algún risco debe de haber porque iso non é algo natural. Estamos introducindo un elemento que ten asociados moitos e diversos matices, posibles problemas e riscos, por agora aínda descoñecidos. A solución é moi clara: temos que ser máis estritos na lexislación, limitar o uso de materiais de maneira irresponsable, non pensar que a reciclaxe vai acabar con todo.

—Que se podería facer a curto prazo?

—A primeira premisa debería ser evitar o consumo. Fixéronnos plástico-adictos. Xa non chega a regra dos tres erres (reducir, reciclar e reutilizar). Hoxe en día, xa hai xente que fala da necesidade de aumentala a 10: recuperar, reducir, reparar, reutilizar, reusar, revisar as políticas...

—Nalgunha ocasión ten mencionado a opción de instalar fontes en colexios, de ofrecer auga en restaurantes…

Pois si, son necesarias políticas dese tipo. Realmente, non se require un cambio brutal. Eu facía isto cando era pequeno. Sería volver á política de toda a vida. É volver ao que xa tiñamos e funcionaba e que, por desgraza, cambiaron de forma bastante negativa os plásticos, sobre todo os dun só uso. Os consumidores teñen a decisión nas súas

mans. Hai moitísimos produtos que están no mercado empaquetados en plástico de maneira innecesaria.

—En moitas ocasións, os microplásticos só se asocian ao mar, pero o fenómeno tamén lles afecta á vida terrestre e ao aire. Debería insistirse máis sobre a incidencia dos microplásticos no cotián?

Si. Todo isto é un pouco negativo e falso. Negativo, porque se está transmitindo que os produtos mariños que consumimos están contaminados, sen datos certos, e é falso porque o plástico está practicamente en todos os produtos de consumo cotián.

—Cales serían as principais ameazas no medio mariño?

—A ONU xa o advertiu: no 2050 haberá máis plásticos ca peixes nos océanos. A cantidade de plástico estase incrementando dunha maneira exponencial no medio. Encóntrase plástico en practicamente todos os lugares do mundo, desde o Antártico ata o Ártico. Chama a atención a fosa das Marianas no Pacífico occidental, onde se encontrou plástico a once quilómetros de profundidade.

—No ámbito galego, como é a situación?

—Cómpre dicir que en Galicia o problema é menor por motivos naturais. Aquí temos a vantaxe de que o noso medio nos defende, sobre todo, co fenómeno do afloramento, que despraza augas. O vento do norte dominante en Galicia ten un fluxo brutal, con 1000 metros cúbicos/segundo por quilómetro de costa. Nós fixemos algún estudo e, en 15 días, con vento do norte e en período de afloramento, a ría de Vigo acaba renovándose enteiramente. Por iso temos un medio limpo, pero a longo prazo isto podería enmascarar o problema.

Algo que tamén axuda son as descargas de auga no inverno, cuns niveis de pluviais elevadísimos, de máis de mil milímetros por ano. Pero é necesario incidir en que pode haber un punto de inflexión se non se toman medidas.

—Cales serían as especies máis ameazadas en Galicia?

—Practicamente todos os bivalvos, sexa mexillón, berberecho, ameixa, máis que os peixes.

—Cal sería o próximo reto para o grupo de oceanografía do IEO?

—Agora mesmo estamos cun proxecto que se chama Antropicosta, do Ministerio de Ciencia, para o que colaboramos co departamento de Xeoloxía da Universidade de Vigo. Neste programa o obxectivo é buscar microplásticos en sedimentos e identificar os sinais, é dicir, detectar como se foron acumulando ao longo da historia, ver que tipo de plásticos se acumularon máis e se podemos establecer algunha relación entre a acumulación e as distintas décadas. Estudar a que patróns obedece, pero aínda acabamos de empezar.

Texto traducido e adaptado de *La Voz de Galicia*

Celga
Certificado Lingua Galega

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

2020420001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

2020420001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

2020420001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2020420001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2020420001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións: